

II BTT CAMIÑOS DE BARRO

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

O Concello de Barro, en colaboración co Club Ciclismo Ribadumia e a Federación Galega de Ciclismo, organiza o 15 de decembro de 2024 a *II BTT Camiños de Barro*, na que poderán participar ciclistas federad@s e non federad@s.

Será unha proba cicloturista, polo tanto non competitiva, e na que o obxectivo é o fomento da actividade deportiva e da vida saudable, e está aberta á participación de bicicletas eléctricas.

As persoas participantes aceptan e asumen o presente regulamento.

2. PERCORRIDO

O percorrido discorrerá de forma íntegra polo concello de Barro e combinará camiños de terra con camiños asfaltados. A maior parte da actividade transcorrerá polo monte das parroquias de Barro, Perdecanaí e A Portela, mais tamén contará con treitos pola trama urbana e por núcleos rurais.

O percorrido está deseñado para que os/as participantes poidan descubrir e gozar dos espazos naturais e patrimoniais que se agochan no concello de Barro.

Durante todo o percorrido o tránsito estará aberto, polo que os/as participantes serán responsables do cumprimento das normas de circulación.

3. DISTANCIAS, HORARIOS E PARTICIPANTES

A saída e chegada da actividade estará situada nas inmediacións do Pazo da Crega, no lugar de Santo Antoniño, concello de Barro (<https://goo.gl/maps/rwbFEkPEF6k7gvKc6>).

- **O horario de saída** será ás 09:30 h
- **Establecerase un tempo de corte** no desvío entre a ruta longa e curta, o cal se comunicará no momento da saída.
- **O horario límite de chegada** será as 14:30 h (Despois desa hora os/as participantes circularán pola súa conta, ficando a organización exonerada de calquera responsabilidade).

A actividade terá dúas modalidades de percorrido, modalidade curta e modalidade longa:

- **Distancia curta:** Aproximadamente 35 km e 800 metros de desnivel positivo acumulado
- **Distancia longa:** Aproximadamente 50 km e 1400 metros de desnivel positivo acumulado

Os/as participantes terán, como mínimo, a idade de 15 anos cumpridos no día da realización da actividade. Aqueles/as que sexan menores de idade no momento da inscrición deberán contar co consentimento expreso de nais/pais ou titores legais (o formulario pódese descargar na Web da Federación Galega de Ciclismo). Este consentimento deberá entregarse asinado no momento da recollida dos dorsais.

3.1. TREITO CRONOMETRADO

Dentro do percorrido habilitarase un treito de subida cunha cronometraxe específica debidamente sinalizado, que contará cun premio por cada unha das seguintes categorías (Aqueles persoas que non desexen subilo terán unha alternativa).

- ❖ Feminina*
- ❖ Masculina*
- ❖ Ebike feminina*
- ❖ Ebike masculina*

*En cada unha destas categorías non se farán distincións por idades.

4. INSCRICIÓNS

O prazo de inscrición das persoas participantes abrirase o 20 de outubro ás 00:00 h e pecharase unha vez alcanzalo o límite de participantes ou xoves 12 de decembro ás 23:59 h. De non cubrirse a totalidade das prazas, a organización valorará a posibilidade de ampliar o prazo de inscrición.

As inscricións de todas as categorías formalizaranse na web da Federación Galega de Ciclismo: www.fgalegaciclismo.es e os/as participantes deberán marcar a opción de *distancia curta* ou *distancia longa*.

4.1 PREZO DA INSCRICIÓN

As contías das inscricións non serán devoltas salvo causa de forza maior que obriegue á organización á cancelación da proba.

- **PERSOAS FEDERADAS:**
 - Antes do 5 de decembro: 12 euros
 - Despois do 5 de decembro: 17 euros

- **PERSOAS NON FEDERADAS*¹:**
 - Antes do 5 de decembro: 22 euros
 - Despois do 5 de decembro: 27 euros

*¹ Inclúe seguro da FGC dun día

A inscrición ofrece ás/aos participantes os seguintes servizos:

- Seguro de accidentes
- Servizo de ambulancia medicalizada
- Avituallamento sólido e líquido no intermedio e no final da actividade
- Obsequio conmemorativo da actividade
- Servizo de duchas
- Fotos durante o percorrido que se porán a disposición das/os participantes

- Punto de lavado de bicicletas ao remate da actividade
- Controis de tempos
- Servizo de recollida no caso de habería mecánica ou lesión

5. DORSAIS-CHIPS

A recollida de dorsais realizarase o día da actividade no Pazo da Crega entre as 8:15 h e as 9:15 h do día 15 de decembro.

Os dorsais-chips outorgados pola organización son persoais e intransferibles e deberán ir colocados de forma visible na parte frontal do guiador da bicicleta. Contarán, ademais, con distintos teléfonos da organización cos que poder contactar no caso de ser preciso.

Os lectores dos dorsais-chips estarán distribuídos ao longo do percorrido.

As/os participantes deberán contar cun terminal telefónico activo durante a realización da actividade, que permita comunicarse coa organización para advertir de calquera posible incidencia propia ou de terceiros.

6. SINALIZACIÓN

A proba contará con sinalización e balizamento en todo o percorrido, para garantir que os/as participantes se manteñan dentro do percorrido en todo momento:

- Sinalizaranse os desvíos para as modalidades curta e longa
- Sinalizaranse a modo de advertencia aqueles lugares de maior dificultade técnica

Tamén se porá a disposición dos/as participantes **o día previo á actividade** un arquivo .GPX na Web da Federación Galega de Ciclismo para quen desexe optar pola navegación GPS.

7. OBRIGAS DOS/AS PARTICIPANTES

- Usar en todo momento o casco debidamente axustado e abrochado
- O uso de luvas
- Levar o dorsal en todo momento nun lugar visible

- Respetar o código de circulación
- Respetar e cumprir as indicacións da organización, de Protección Civil e do voluntariado
- Circular por dentro do circuíto habilitado
- Respetar o resto de participantes e favorecer o correcto desenvolvemento da actividade

8. OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

- A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos ou os horarios, así como para modificar o presente regulamento co obxectivo garantir o correcto funcionamento do evento deportivo e/ou adaptalo a calquera circunstancia sobrevida.
- A organización da proba declina toda a responsabilidade dos danos que os/as atletas puideran ocasionar.
- A organización non se fai responsable de ningún dano patrimonial que os/as participantes puideran provocar ou sufrir durante o transcurso da actividade
- Os/as participantes autorizan a organización á gravación total ou parcial da marcha e cede todos os dereitos de imaxe á organización, que poderá facer uso das mesmas para as finalidades de promoción e divulgación.
- A organización resérvase o dereito de descualificar os/as participantes que:
 - Non cumpran co regulamento establecido
 - Non cumpran as indicacións da organización nin do persoal encargado de velar pola seguridade
 - Provoquen danos medioambientais (tirar lixo no chan etc.) ou danos en infraestruturas, mobiliario, balizamento etc.
 - Discorran fóra do circuíto habilitado para as actividade
 - Cruce a liña de meta ou os medidores intermedios sen o dorsal-chip
 - Practiquen ou promovan condutas antideportivas

9. ANEXOS

9.1 PLANO



1. Pazo da Crega: zona de saída e meta
2. Punto de lavado de bicicletas
3. Duchas (Pavillón municipal)
4. Aparcadoiro

9.2 AUTORIZACIÓN PARA MENORES DE IDADE

AUTORIZACIÓN PARTICIPACIÓN MENORES DE IDADE

Don/Dona _____, con DNI _____, como pai/nai ou titor/a legal de _____, con DNI _____, **autorizo a súa participación na II BTT Camiños de Barro**, que se celebrará o 15 de decembro do 2024.

Ao asinar este documento declaro que:

- Lin e **acepto o regulamento** desta actividade.
- Fágome responsable dos danos ou prexuízos que puidera provocar ou padecer o/a participante e eximo á organización de calquera responsabilidade.
- Autorizo á organización á gravación total ou parcial da marcha e cédolle todos os **dereitos de imaxe**, a cal poderá facer uso das mesmas para as finalidades de publicidade, promoción e/ou divulgación a través dos medios que considere.
- Que o/a participante ten cumprida a idade de 15 anos no momento de celebración da actividade e que reúne as condicións físicas adecuadas para a realización dunha actividade destas características.

Asinado:

En _____ a ____ do mes de _____ do ano _____.